

ACTA DE VALORACIÓN DE CONCURSO

Curtis, 30 de novembro de 2021

Sendo ás 09:00 horas, reúñese o tribunal nomeado mediante resolución da alcaldía núm. 758/2021 do 10/11/21, para o proceso selectivo para a cobertura, mediante persoal laboral fixo, de seis vacantes de auxiliares de axuda no fogar, incluída na OEP do Concello de Curtis do ano 2020 para estabilización de emprego temporal:

- Presidenta: Celsa M^a Casas López, técnica persoal laboral fixo da administración local.
- Vogal: M^a Ermitas Sánchez González, técnica funcionaria de carreira da administración local.
- Vogal: Marta Roca Souto, responsable da oficina electrónica, persoal laboral fixo da administración local.
- Vogal: Antonia M^a Regueira Camaniel, auxiliar administrativa, persoal laboral fixo da administración local.
- Secretario: Óscar López Figueroa, administrativo funcionario de carreira da administración local.

A valoración da fase de concurso rexeráse polo establecido nas bases xerais que regulan os procesos selectivos correspondentes ás prazas incluídas na oferta extraordinaria de emprego público do Concello de Curtis de 2020 de estabilización do emprego temporal, aprobadas mediante resolución da alcaldía nº 166/2021 do 17/03/21 (BOP nº 55 do 24/03/21), e as bases específicas dos diferentes procesos selectivos ofertados na OEP, aprobadas mediante resolución da alcaldía núm. 542/2021 do 26/08/21 (BOP nº 166 01/09/21; DOG nº 192 05/10/21; BOE nº 226 21/09/21).

A Base Décimo Segunda das Bases Xerais, establece sobre a fase de concurso:

- "1. Na fase de concurso comprobaranse e cualificaranse os méritos alegados polos aspirantes, que deben xustificarse con documentos orixinais ou copias cotexadas. A suma das puntuacións na fase de concurso non poderá superar o 40 % da puntuación total con carácter xeral.
2. Nesta fase valoraranse a experiencia profesional na forma que se describa nas bases específicas correspondentes, cun máximo de 40 puntos.

A experiencia profesional deberá acreditarse mediante certificación, expedida pola Administración Pública na que prestou servizos, facendo constar o posto de traballo que desempeñou e o cómputo total de días, meses ou anos traballados. Para tal efecto non se terán en conta as fotocopias de contratos de traballo, nin a vida laboral expedida pola tesourería xeral da Seguridade Social. Enténdese por servizos prestados na Administración pública os que derivan dunha contratación laboral, da condición de persoal funcionario de carreira ou interino en calquera das súas modalidades. Non se computarán os servizos que se prestaran simultaneamente con outros igualmente alegados, e reduciránse proporcionalmente os prestados a tempo parcial.

3. A cualificación dos méritos na fase de concurso será anterior á fase de oposición e as puntuacións outorgadas publicaranse nos taboleiros de anuncios físico e electrónico municipais, e a os sós efectos informativos, na páxina web do Concello de Curtis.

4. Os aspirantes disporán de un prazo de dez días hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación da cualificación da fase de concurso para formular alegacións.

5. A puntuación obtida na fase de concurso non terá carácter eliminatorio e non poderá terse en conta para superar os exercicios da fase de oposición."

Doutra banda, na Base Quinta das bases específicas establecese:

"2. A FASE DE CONCURSO, que se puntuará cun máximo de 40 puntos, consistirá na valoración dos méritos indicados a continuación, xunto co sistema de baremación aplicable ao efecto; e tendo en conta, en todo caso, que os ditos méritos se valorarán con referencia á data de inicio do prazo de presentación de instancias/solicitudes de participación no proceso selectivo.

Puntuación da Experiencia profesional (Máximo 40 puntos):

- Por servizos prestados na Administración Local ou entidade pública dependente da mesma en prazas ou postos de traballo de idéntica ou similar categoría á do obxecto da convocatoria: 0,50 punto por cada mes de servizo, ata un máximo de 40 puntos.
- Por servizos prestados noutra Administración Pública ou entidade do sector público en prazas ou postos de traballo de idéntica ou similar categoría á do obxecto da convocatoria: 0,25 puntos por cada mes de servizo, ata un máximo de 40 puntos.

Non se puntuarán períodos inferiores a un mes.

Para a acreditación dos méritos anteditos deberase achegar a correspondente documentación tal e como se indica na base segunda das Bases Xerais."

Deste xeito, e de conformidade co establecido nas bases, procédese a valoración dos méritos aportados polos aspirantes durante o prazo de presentación de instancias:

DNI	Apelidos e Nome	Puntuación
***4572**	Ayerbe Gómez, María Jesús	25,8
***9584**	Ayerbe Sueiro, María Catherina	0
***3316**	Bra Sánchez, Laura	0
***6656**	Brea Montouto, Tania	12,25
***1951**	Cabado Vázquez, Francisca	31,25
***3255**	Forero Tenjica, Leonor Stella	25,25
***8787**	Freire Vilariño, Mª Cruz	22,75
***8310**	García Fernández, Alicia	40
***1218**	Gómez Astray, María del Carmen	12,12
***8326**	Gómez Gundín, María Ángeles	30
***4915**	Losada Espido, Mercedes	22,75
***8988**	Neira Duro, María Irene	40
***0576**	Paz García, Ana María	40
***7443**	Rodríguez Díaz, María Luisa	31,25
***9493**	Sánchez Sánchez, Ana Beatriz	0
***5423**	Sánchez Sánchez, María de la Paz	13
***5090**	Sánchez Sánchez, María Luz	40
***0954**	Santos Rodrigues Fernandes, Celia	12,50
***8324**	Vázquez Sánchez, María Concepción	25,75
***8153**	Vázquez Souto, Inés	0,69
***7042**	Ventureira Vázquez, María José	40

De conformidade co establecido na clausula 12.4 das bases xerais, os aspirantes disporán dun prazo de 10 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación da presente acta, para efectuar as alegacións que estimen oportunas.

En caso de que non se presente alegación algunha, os resultados elevaranse a definitivos.

Sendo as 09:15 horas, dase por rematada a reunión.

A presidenta

A handwritten signature in blue ink, appearing to be a stylized 'A' or 'M'.

Os vogais

A handwritten signature in blue ink, appearing to be a stylized 'O' or 'V'.

A handwritten signature in blue ink, appearing to be a stylized 'O' or 'V'.

A handwritten signature in blue ink, appearing to be a stylized 'S' or 'X'.

O secretario

A handwritten signature in blue ink, appearing to be a stylized 'B' or 'G'.

